



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0653	Xestión financeira	2017/2018	7	123	147
MPMP06_53	Produtos e servizos financeiros	2017/2018	7	90	108
MPMP06_53	Seguros	2017/2018	7	33	39

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	AMALIA RIVAS TOMÉ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse na área de financiamento de pequenas e medianas empresas de calquera sector de actividade. A competencia xeral deste título consiste en organizar e executar as operacións de xestión e administración nos procesos comerciais, laborais, contables, fiscais e financeiros dunha empresa pública ou privada, aplicando a normativa vixente e os protocolos de xestión de calidade, xestionando a información, asegurando a satisfacción da clientela e/ou das persoas usuarias, e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos:

- Elaborar informes sobre os parámetros de viabilidade dunha empresa, recoñecer os produtos financeiros e os seus provedores, e analizar os métodos de cálculo financeiros, para supervisar a xestión de tesouraría, a captación de recursos financeiros e o estudo de viabilidade de proxectos de investimento.
- Tomar decisións de xeito fundamentado, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- Identificar e aplicar parámetros de calidade nas actividades e nos traballos realizados no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Valoración de produtos e servizos financeiros. Xuro simple. Xuro composto. Rendas. Prestamos. Empréstitos. Arrendamento financeiro	Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira. Capitalización e actualización simple. Capitalización e actualización composta. Análise de operacións de desconto de efectos e liñas de crédito. Análise de operacións de liquidación de contas. Análise de operacións de depósitos. Análise de préstamos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Métodos de amortización. Análise de operacións de arrendamento financeiro e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Análise de operacións de empréstitos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.	73	50
2	Financiación, axudas e subvencións para la empresa	Análise de estados financeiros. Axudas e subvencións públicas e/ou privadas.	9	6
3	El sistema financiero. Productos e servizos financeiros.	Sistema financeiro. Produtos financeiros de pasivo e de activo. Servizos financeiros. Outros produtos financeiros.	7	9
4	Selección de investimentos.	Mercados financeiros. Renda fixa e variable. Débeda pública e privada. Fondos de investimento. Produtos derivados. Fiscalidade dos activos financeiros para as empresas. Investimentos económicos.	9	9
5	Orzamentos.	Métodos de orzamentación. Orzamento mestre e orzamento operativo. Cálculo e análise de desviacións.	10	9
6	Operacións de seguros	Concepto, características e clasificación. Contrato de seguro e valoración de riscos. Elementos materiais e personais dos seguros. Clasificación dos seguros. Tarifas e primas. Xestión administrativa derivada da contratación dun seguro	39	17



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Valoración de produtos e servizos financeiros. Xuro simple. Xuro composto. Rendas. Prestamos. Empréstitos. Arrendamento financeiro	73

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Avalía produtos e servizos financeiros do mercado, para o que realiza os cálculos, e elabora os informes oportunos.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Recolleuse información sobre produtos e servizos financeiros a través de diversas canles dispoñibles.
CA3.2 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.
CA3.2.1 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto en capitalización e actualización simple
CA3.2.2 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto en capitalización e actualización composta
CA3.2.3 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto en rendas
CA3.2.4 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto en préstamos
CA3.2.5 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto en arrendamento financeiro e empréstitos
CA3.3 Calculáronse as comisións e os gastos devindicados en cada produto.
CA3.4 Determinouse o tratamento fiscal de cada produto.
CA3.5 Determinouse o tipo de garantía esixido por cada produto.
CA3.6 Realizáronse informes comparativos dos custos financeiros de cada produto de financiamento proposto.
CA3.7 Comparáronse os servizos e as contraprestacións das entidades financeiras, resaltando as diferenzas, as vantaxes e os inconvenientes.
CA3.8 Comparáronse as rendibilidades, as vantaxes e os inconvenientes de cada forma de aforro ou investimento proposta en produtos financeiros.
CA3.9 Realizáronse os cálculos financeiros necesarios utilizando aplicacións informáticas específicas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira.
Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira na capitalización e actualización simple
Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira na capitalización e actualización composta
Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira, rendas



Contidos

Análise de operacións de desconto de efectos e liñas de crédito.

Análise de operacións de liquidación de contas.

Análise de operacións de depósitos.

Análise de préstamos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Métodos de amortización.

Análise de operacións de arrendamento financeiro e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.

Análise de operacións de empréstitos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.

Aplicación financeira da folia de cálculo.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Financiación, axudas e subvencións para la empresa	9

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as necesidades financeiras e as axudas económicas óptimas para a empresa, logo de identificar as alternativas posibles.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Comprobáronse os estados contables desde a óptica das necesidades de financiamento.
CA1.2 Verificáronse informes económico-financeiros e patrimoniais dos estados contables.
CA1.3 Comparáronse os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións.
CA1.4 Confeccionáronse informes de acordo coa estrutura e os procedementos, tendo en conta os custos de oportunidade.
CA1.5 Utilizáronse todas as canles de información e comunicación para identificar as axudas públicas e privadas, así como fontes ás que poida acceder a empresa.
CA1.6 Identificáronse as características das formas de apoio financeiro á empresa.
CA1.7 Contrastouse a idoneidade e as incompatibilidades das axudas públicas e privadas estudadas.

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise de estados financeiros.
Axudas e subvencións públicas e/ou privadas.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	El sistema financiero. Produtos e servizos financeiros.	7

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica os produtos e os servizos financeiros, analizando as súas características e as súas formas de contratación.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro.
CA2.2 Precísanse as institucións financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
CA2.3 Detálláronse os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.
CA2.4 Recoñécense as variables que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.5 Identifícanse os suxeitos que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.6 Relacionáronse as vantaxes e os inconvenientes dos produtos e servizos.
CA2.7 Determinouse a documentación necesaria esixida e xerada coa xestión dos produtos e servizos financeiros.

4.3.e) Contidos

Contidos
Sistema financeiro.
Produtos financeiros de pasivo e de activo.
Servizos financeiros.
Outros produtos financeiros.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Selección de investimentos.	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona investimentos en activos financeiros ou económicos, para o que analiza as súas características e realiza os cálculos oportunos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñeceuse a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento.
CA4.2 Clasifícanse os activos financeiros utilizando como criterio o tipo de renda que xeren, a clase de entidade emisora e os prazos de amortización.
CA4.3 Distingúronse o valor nominal, de emisión, de cotización, de reembolso e outros para efectuar os cálculos oportunos.
CA4.4 Determinouse o importe resultante en operacións de compravenda de activos financeiros, calculando os gastos e as comisións devindicadas.
CA4.5 Elaboráronse informes sobre as alternativas de investimento en activos financeiros que máis se axusten ás necesidades da empresa.
CA4.6 Identifícanse as variables que inflúen nun investimento económico.
CA4.7 Calculouse e interpretouse VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Mercados financeiros.
Renda fixa e variable.
Débeda pública e privada.
Fondos de investimento.
Produtos derivados.
Fiscalidade dos activos financeiros para as empresas.
Investimentos económicos.
Aplicación financeira da folla de cálculo.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Orzamentos.	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Integra os orzamentos parciais das áreas funcionais e/ou territoriais da empresa ou da organización, verificando a información que conteñen.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Integráronse os orzamentos das áreas nun orzamento común.
CA5.2 Comprobase que a información estea completa e na forma requirida.
CA5.3 Contrastouse o contido dos orzamentos parciais.
CA5.4 Verificáronse os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.
CA5.5 Valorouse a importancia de elaborar en tempo e forma a documentación relacionada cos orzamentos.
CA5.6 Controlouse a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas.
CA5.7 Ordenouse e arquivouse a información de xeito que sexa doadamente localizable.
CA5.8 Utilizáronse aplicacións informáticas na xestión das tarefas orzamentarias.

4.5.e) Contidos

Contidos
Métodos de orzamentación.
Orzamento mestre e orzamento operativo.
Cálculo e análise de desviacións.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Operacións de seguros	39

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a tipoloxía de seguros analizando a actividade aseguradora.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase a lexislación básica que regula a actividade aseguradora.
CA1.2 Relacionáronse os riscos e as condicións da asegurabilidade.
CA1.3 Identifícanse os elementos que conforman un contrato de seguro.
CA1.4 Clasifícanse os tipos de seguros.
CA1.5 Establecéronse as obrigas das partes nun contrato de seguro.
CA1.6 Determináronse os procedementos administrativos relativos á contratación e o seguimento dos seguros.
CA1.7 Identifícanse as primas e os seus compoñentes.
CA1.8 Determinouse o tratamento fiscal dos seguros.

4.6.e) Contidos

Contidos
Concepto, características e clasificación.
Contrato de seguro e a valoración de riscos.
Elementos materiais e persoais dos seguros.
Clasificación dos seguros.
Tarifas e primas.
Xestión administrativa derivada da contratación dun seguro.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Unidade 1

Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira. Análise de operacións de desconto de efectos e liñas de crédito. Análise de operacións de liquidación de contas. Análise de operacións de depósitos. Análise de préstamos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Métodos de amortización. Análise de operacións de arrendamento financeiro e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Análise de operacións de empréstitos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes.

Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto:

- Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto en capitalización e actualización simple
- Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto en capitalización e actualización composta
- Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto en rendas
- Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto en préstamos
- Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto en arrendamento financeiro e empréstitos

Unidade 2:

Análise de estados financeiros. Axudas e subvencións públicas e/ou privadas

- Comprobáronse os estados contables desde a óptica das necesidades de financiamento.
- Comparáronse os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións.
- Identificáronse as características das formas de apoio financeiro á empresa.

Unidade 3

Sistema financeiro. Produtos financeiros de pasivo e de activo. Servizos financeiros.

- Identificáronse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro.
- Precisáronse as institucións financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
- Detalláronse os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.

Unidade 4

Mercados financeiros. Renda fixa e variable. Débeda pública e privada. Fondos de investimento. Fiscalidade dos activos financeiros para as empresas. Investimentos económicos

- Recoñeuse a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento.
- Distinguíronse o valor nominal, de emisión, de cotización, de reembolso e outros para efectuar os cálculos oportunos.
- Calculouse e interpretouse VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos.

Unidade 5

Métodos de orzamentación. Cálculo e análise de desviacións.

- Integráronse os orzamentos das áreas nun orzamento común.
- Verificáronse os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.
- Valorouse a importancia de elaborar en tempo e forma a documentación relacionada cos orzamentos.
- Controlouse a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas.



Unidade 6

Concepto de seguro, características e clasificación. Contrato de seguro e a valoración de riscos. Elementos materiais e persoais dos seguros. Clasificación. Tarifas e primas. Xestión administrativa derivada da contratación dun seguro.

- Identificouse a lexislación básica que regula a actividade aseguradora.
- Relacionáronse os riscos e as condicións da asegurabilidade.
- Identificáronse os elementos que conforman un contrato de seguro.
- Clasificáronse os tipos de seguros.

A avaliación tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos a través dos criterios de avaliación fixados. Os contidos avaliaranse a través de probas escritas que terán lugar en cada avaliación.

Nas avaliacións realizaranse probas escritas, que abranguen exames, cuestionarios, traballos de investigación, exercicios de resolución práctica ou de calculo, etc e que constituirán o cen por cen da nota.

A nota de cada avaliación será a nota media obtida entre todas as unidades didácticas avaliadas sempre que estean todas aprobadas.

Si algunha das unidades didácticas avaliadas está suspensa a nota da avaliación será inferior a 5

A nota final de cada unha destas avaliacións quedará como segue:

- Alumnado que aproba a avaliación será: aqueles que teñan todas as unidades da avaliación aprobadas, e dicir, aqueles cunha nota mínima en cada unidade de 5 puntos. A nota da avaliación será o resultado da media entre todas as unidades. Se existise fracción decimal na nota media, procederase do seguinte xeito:

.Fraccións decimais superiores a medio punto: redondearase por exceso.

.Fraccións decimais iguais ou inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza.

-Alumnado que non aproba a avaliación: aqueles cunha nota en algunha unidade que non acade os 5 puntos. Se existise fracción decimal ao facer a media das unidades para obter a nota media da avaliación, en ningún caso se redondeará á alza a fracción decimal. A máxima nota neste caso será 4

A nota final do curso obtida polo alumno/a será a media das notas obtidas nas unidades, sempre e cando estean aprobadas.

Sancionarase coa cualificación de cero cando se comprobe que o alumno/a non actuou limpamente ao realizar as probas porque copiara ou realizara condutas similares.

A consecución dos contidos actitudinais non se reflectirá como unha parte da nota do alumnado, sen embargo a súa non consecución si reducirá a nota. Presuponse a asistencia habitual a clase do alumnado, o comportamento correcto e a súa actitude participativa, de xeito que non se puntuará positivamente a asistencia, o bo comportamento ou a boa actitude. No caso de que o bo comportamento e actitude non se dean, poderase aplicar un procedemento especial de avaliación que consistirá en aplicar un desconto na nota final do curso obtida, por cada apercebimento por escrito e comunicado a xefatura de estudos, ademais da sanción que corresponda segundo o réxime interno do centro. Dito desconto será na nota final do curso, de 1 punto por falta leve, de 2 puntos por falta grave. Considerarase falta leve ou grave segundo o establecido no regulamento de réxime interno.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aqueles alumnos que non aproben unha ou varias unidades da primeira avaliación, presentaranse a unha proba para recuperalas. Tamén poderanse presentar a dita proba todos aqueles alumnos, que tendo aprobada a unidade, desexen subir nota.

Para aprobar o módulo tense que ter aprobada todas as unidades, e dicir, unha ou máis unidades suspensas, e non recuperadas, supón o suspenso do módulo, aqueles alumnos que se atopen nesta situación terán que presentarse a un exame final.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo o establecido regulamentariamente, a asistencia regular do alumnado ás clases e ás demais actividades lectivas programadas é condición indispensable para levar a cabo a súa avaliación continua. Tendo en conta isto, aqueles alumnos/as que acaden un número de faltas, sen xustificar, superior ó 10% da duración do módulo perderán o dereito á avaliación continua, previa comunicación ó devandito alumno/a ou ós seus titores no caso de ser menor de idade.

Os alumnos/as nesta situación poderán seguir asistindo á clase pero non se avaliarán trimestralmente, no seu lugar establecerase un sistema de avaliación extraordinario que consistirá na realización dunha proba escrita que tratará da resolución de supostos prácticos contables, exercicios e tamén de preguntas teóricas sobre toda a materia do módulo e realizarase ao final do segundo trimestre do curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación e a propia práctica docente avaliarase mediante o procedemento de control establecido polo centro. Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento do seguinte:

Seguimento mensual da programación, recollida polo departamento.

Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.

Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.

Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

No mes de outubro, levarase a cabo a reunión de Avaliación inicial.

No caso de que algún alumno ou alumna presentase dificultades de aprendizaxe ou fosen precisas medidas específicas para lograr a súa adaptación ao módulo, habería que estudarse nese momento, (na avaliación inicial) e despois de coñecer o alumno, as medidas máis axeitadas para poñer en marcha, tendo en conta os consellos do Departamento de Orientación do Instituto.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Cando un alumno/a non dea alcanzado os obxectivos a vez que o resto dos compañeiros, sempre que non sexa por falta de interese, traballo ou



esforzo

persoal, daránselle exercicios de reforzo e soluciónásenselle todas as dúbidas para que poida alcanzar canto antes o nivel do resto dos compañeiros

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A práctica docente incorporará os temas transversais inseríndoos co resto de contidos que compoñen o currículo e dando un trato preferente ó fomento da igualdade de sexos, a colaboración no traballo en equipo, a non discriminación, o respecto por outras culturas... Estes e outros contidos, serán tidos en conta ao longo do curso, e mais concretamente, no día a día, dentro da aula.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non se contemplan

10. Outros apartados

10.1) Presentación materia-módulo

Inclúese na primeira tarefa da actividade un que se vai a impartir pero é algo que afecta a todo módulo.